



“Na outra banda do mar constrúen o navío:  
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben  
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.  
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral  
é unha peza do meu ser. Non saben  
que no interior da quilla está a médula mesma  
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer  
está o perfume máxico da vida.  
Que cando no remate ergan a vela, e a enxarcia  
tremole vagarosamente no ar  
será o meu corazón quen sinta o vento,  
será o meu corazón.”

*As torres no ar* (1989)

# AVILÉS DE TARAMANCOS

(Boa, Noia, 1935 – A Coruña, 1992)

Foi un poeta, tradutor e político galego. Estudou Náutica na Coruña e alí tomou contacto coa intelectualidade da época. Comezou publicando un poema na revista *Tapal*. En 1961 emigrou a Colombia, onde desempeñou varios oficios; en 1980, cando regresou, montou unha taberna, desenvolveu un intenso labor de dinamización cultural e seguiu colaborando cos seus escritos en diferentes medios. Nas eleccións de 1987 foi elixido concelleiro de Cultura de Noia.

## GRANDES ÉXITOS



1985

*Cantos caucanos* (1985) é un poemario no que a saudade vai ao revés; unha vez que volve á terra de orixe louva e lembra o país que o acolleu durante case vinte anos. Recibiu o Premio da Crítica de Poesía Galega.

*As torres no ar* (1989) é un libro de poemas que xira en torno á infancia do autor e á lembranza dese paraíso perdido, a terra e o mar onde foi neno e a súa nai lle dicía que “andaba a facer torres no ar”.



1989



1992

*Última fuxida a Harar* (1992), publicada despois do seu falecemento, supón o seu testamento poético. A referencia a Rimbaud xa no título anticipa un descenso aos infernos do poeta.

“Un día calquera comezou a tecer a súa lenda de emigrante. Como tal, viviu azares e aventuras, que el mesmo expuxo na carta que lle escribiu a García Bodaño: contrabandista no altiplano de Colombia, traficante de cabezas reducidas, afiador, labrego, cazador de pumas...”

*Historia da literatura galega* (1984), Francisco Fernández del Riego

